



Etapas de instalación e recursos existentes no territorio

3. ETAPAS DE INSTALACIÓN E RECURSOS EXISTENTES NO TERRITORIO

3.1. Clarificación – reflexión da Idea de proxecto

Este apartado busca desencadear no NE un proceso reflexivo que probablemente, e de forma parcial e/ou descontinua, xa fixera nalgúns dos momentos desde que decidiu comezar a produción avícola. En todo caso, é moi recomendable asegurarse de que esta reflexión se madura o suficiente e que, efectivamente, a avicultura artesanal, como actividade única ou, seguramente, como actividade complementaria ou unha parte do novo proxecto agrario, é unha boa elección..

Cómpre facer un proceso reflexivo no que se poñan nun mesmo plano os activos de partida e as aspiracións.

Este balance axudará a:

- Recoñecer as capacidades coas que conta a persoa promotora da nova actividade.
- Detectar os criterios de busca de recursos (terra, capital, coñecementos, etc.) que máis favorezan o proxecto.
- Identificar as alianzas necesarias e/ou interesantes

Este momento de reflexión precisa de:

- Dedicarlle un tempo ao proceso: escapar das respostas evidentes e máis obvias, xa que neste proceso reflexivo poden aparecer ou xerarse novas ideas ou perspectivas. Falar con persoas que adoptasen outros enfoques diferentes aos que nos inclinamos de maneira natural. Manter a mente aberta a outros enfoques e colaboracións.
- Considerar opinión de familiares e amigos. Considerar contar con asesoramento profesional.

- Ter unha visión clara do proxecto, pero en paralelo ter unha actitude flexible no modo de alcanzar os obxectivos. Estar aberto a solucións e oportunidades inesperadas que xurdan na relación con colaboradores ou no intercambio con outras experiencias. Os plans non se elaboran para cumprirse con exactitude, se non para axudar a desenvolver a idea cuns principios e dirección razoables.
- Coñecer os riscos para determinar cales se poden asumir e poder minimalos.

No apartado de **anexos** da [Guía para apoiar as persoas novas entrantes na agroecoloxía](#) propoñemos uns modelos de táboas inspirados nos Test de autodiagnóstico empregados nos Puntos de Acceso á Instalación en Francia ([Point Accueil Installation](#)) nas que permiten recoller a información anterior de maneira estruturada, xunto cunha serie de datos técnicos do proxecto de incorporación que poden ser unha ferramenta útil para diagnosticar o punto de partida e axudar na toma das primeiras decisións estratéxicas.